

III CARREIRA POPULAR DE RIBADAVIA 2016

REGULAMENTO

ART. 1 O Concello de Ribadavia coa colaboración do Club Deportivo Aurum e da Delegación de Ourense da Federación Galega de Atletismo organiza a III Carreira Popular de Ribadavia 2016, que se celebrará o domingo 11 de setembro de 2016 no Concello de Ribadavia.

ART. 2 Poderán participar atletas federados e atletas populares. Realizarase unha clasificación conxunta. Esta proba pertence ó calendario da Federación Galega de Atletismo e estará controlada polo Comité Galego de Xuíces e Cronometradores da FGA - Delegación de Ourense. O control das inscricións, dorsais, chips, resultados e secretaría será realizado por procedementos automatizados.

ART. 3 CATEGORÍAS

PITUFOS	2009 e posteriores	PROMESA	1994 / 1995 / 1996
BENXAMÍN	2007 / 2008	SENIOR	1993 e anteriores ata veteranos
ALEVÍN	2005 / 2006	VETERÁN A	De 35 a 44 anos
INFANTIL	2003 / 2004	VETERÁN B	De 45 a 54 anos
CADETE	2001 / 2002	VETERÁN C	De 55 a 64 anos
XUVENIL	1999 / 2000	VETERÁN D	Maiores de 65 anos
JUNIOR	1997 / 1998	ABSOLUTA	

ART. 4 DISTANCIAS E HORARIOS

HORARIO	CATEGORÍA	DISTANCIA	VOLTAS
11:00	PITUFOS	100 m.aprox.	
11:10	BENXAMÍN - ALEVÍN	1.000 m.aprox.	2 Voltas pequenas
11:20	INFANTIL - CADETE	2.000 m.aprox.	4 Voltas pequenas
11:40	XUV-JUN-PRO-SEN-VET A-B-C-D	9.000 m.aprox.	1 Volta grande

ART. 5 LUGAR DE SAÍDA E PERCORRIDO

A saída estará situada na Praza Maior de Ribadavia e a carreira discorrerá polas seguintes rúas: Rúa do Ribeiro - Rúa Veronza - Rúa do Xestal - Área Recreativa da Veronza (carril bici) - Rúa Veronza - Paseo do Avia - Paseo do Miño - Rúa da Aldea - Rúa das Laxas - Rúa Ramal - Estrada Francelos - Rúa San Lázaro - Rúa Redondela - Rúa Extramuros - Rúa Porta Nova de Arriba - Praza Magdalena - Rúa Santiago - Rúa Jerusalén - Rúa Cervantes - Rúa Rodríguez Moure - Rúa Merelles Caula - Praza Maior. (9.000 m. aprox.)

(Ver plano anexo)





ART. 6 INSCRICIÓNS

Dende o 22 de agosto de 2016 os atletas federados e populares poderán inscribirse no formulario habilitado ó efecto na web www.carreirasgalegas.com. A inscrición ten un custe de **3€** (do 22 de agosto e ata o 31 de agosto de 2016) e de **5€** (dende o 1 ó 8 de setembro) que deberan aboar mediante pasarela de pago. Para os atletas das categorías, menores de 18 anos, a inscrición será gratuíta. Dispoñen de prazo para a inscrición ata as 20:00 horas do xoves 8 de setembro de 2016.

Por norma xeral nas competicións de calendario autonómico non poderán participar atletas españois con axuda económica da RFEA, nin atletas estranxeiros segundo as seguintes condicións:

En estas competicións non podrán participar ni atletas españoles con ayuda económica de la RFEA ni atletas extranjeros que hubiesen realizado (durante la presente temporada o las 2 anteriores) **una marca con un valor igual o superior a 900 puntos de Tabla IAAF vigente siendo estas marcas las que se indican a continuación:**

	Hombres	Mujeres
100m	10.95	12.66
200m	22.18	25.98
400m	49.53	59.04
800m	1:54.76	2:15.17
1500m	3:56.22	4:40.83
3000m	8:27.69	10:04.62
5000m	14:30.81	17:24.60
10000m	30:39.44	36:47.18
100/110mv	14.98	15.14
400mv	54.96	1:04.31
3000m obst	9:23.35	11:25.21
10km ruta	30:44.0	37:07.0
Medio		
Maratón	1h07:29	1h20:50
Maratón	2h25:35	2h55:01
Altura	2.01	1.70
Pertiga	4.72	3.86
Longitud	6.92	5.60
Triple	14.63	12.11
Peso	16.29	15.46
Disco	51.45	50.66
Martillo	61.36	58.00
Jabalina	66.64	51.31
Dec/Hep	6614	4973
20km marcha	1h35:58	1h50:07
50km marcha	4h36:55	

Esta prohibición no afectará a los atletas con licencia por la Federación Autonómica donde se dispute la prueba. La RFEA, atendiendo a especiales circunstancias deportivas, podrá autorizar, de manera excepcional, la participación de atletas extranjeros (o españoles con ayuda económica) con mejor marca de las indicadas anteriormente. **En este caso será necesario la consulta previa por escrito y contestación de la RFEA antes de disputarse la prueba.**

Las pruebas que tengan una participación de atletas extranjeros no residentes superior al 5% del total de inscritos deberán obligatoriamente estar incluidas en el Calendario Nacional.

En todos estos casos para el atleta deberá poseer el permiso de la Federación de su país de acuerdo con la normativa IAAF **(o bien poseer licencia RFEA). Caso de no poseerlo no podrá optar a premios ni ningún tipo de compensación en la competición (bien sea económica o en especie).**

En ambos casos, esta prohibición non afectará as probas do Calendario Autonómico da Comunidade pola que o atleta teña tramitada a súa licenza.

Poderá ser descalificado calquera atleta que, a sabendas da súa imposibilidade de participar na proba, proporcione datos erróneos para poder facelo. O organizador reterá o premio ata que o atleta presente a documentación que permita a súa participación na proba.

En tódolos casos o atleta debe ter permiso da Federación Nacional do seu país de acordo ca normativa IAAF.



ART. 7 RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS

A retirada de dorsais e chips realizarase na secretaria de competición na o baixo da Casa do Concello de Ribadavia (Praza Maior, 1) entre as 10:00 h. e as 11:00 h. do día de celebración da proba.

ART. 8 AGASALLOS E PREMIOS

Todos/as participantes da categoría PITUFOS recibirán unha medalla o rematar a súa participación na proba.

Os tres primeiros clasificados/as das categorías BEN-ALE-INF-CAD-XUV recibirán unha medalla.

Os tres primeiros clasificados/as das categorías JUN-PRO-SEN-VET recibirán unha medalla

Os tres primeiro/as clasificados/as da categoría ABSOLUTA recibirán un trofeo.

Coa retirada do dorsal entregarase unha bolsa do corredor con produtos.

ART. 9 Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, poderá ser descalificado.

A organización establece un peche de control 60' despois da chegada do 1º clasificado absoluto da proba.

ART. 10 Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo a organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes. Non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

A organización recomenda ós participantes, pola súa seguridade, que non participen con dispositivos reprodutores de música con auriculares.

ART. 11 As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

ART. 12 SERVIZOS Na zona de saída e meta encontrase persoal sanitario, ambulancia e avituallamento.

Haberá servizo de duchas no Pavillón Municipal de Ribadavia O Consello.

A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.

ART. 13 NORMATIVA

Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

